

# INSTRUCCIÓN PARA CUMPLIMENTAR O CUESTIONARIO DA INVESTIGACIÓN INICIAL

## OBXECTIVO

- ▶ Acadar información acerca dos coñecementos previos do alumnado e actitudes ante a violencia machista e as discriminacións por razón de xénero.

## A QUEN VAI DIRIXIDA?

- ▶ Ao alumnado de 3º e 4º da ESO participante no programa Suprime O Control.

## A COMPOSICIÓN DO CUESTIONARIO

- ▶ O cuestionario é anónimo.
- ▶ Consta dos seguintes **bloques** (a maioría non aparecen de forma explícita para evitar condicionar a resposta do alumnado):
  - Bloque I. “Sobre as relacións de parella”
  - Bloque II. “Mitos sobre a violencia de xénero”.
  - Bloque III. “Percepcións e actitudes ante a violencia de xénero”
  - Bloque IV. “Sexismo interiorizado (trazos e roles sexistas)”
  - Bloque V. “Identificación dos malos tratos na parella e de comportamentos propios de relacións tóxicas”
  - Bloque VI. “Uso da televisión, as redes sociais e WhatsApp”
  - Bloque VII. “Alcance (das) e actitude (ante) as condutas de acoso e control nas redes sociais.”
- ▶ Estes bloques conteñen **17 preguntas**, unha media de menos de 3 por bloque.
- ▶ A maioría das preguntas conteñen varias afirmacións ás que o alumnado debe dar resposta (xeralmente o seu grao de acordo coas mesmas). **As respostas a cada unha das afirmacións son obrigatorias**, se non se marca algunha resposta a aplicación non permite avanzar e enviar o cuestionario. É importante que o alumnado se asegure de que contestou a todas as afirmacións para poder facer o envío, do contrario a aplicación lanzará unha mensaxe de aviso.
- ▶ Ó final do cuestionario encóntranse unha serie de preguntas rápidas sobre os datos persoais do alumnado (centro educativo, curso, sexo, idade, etc.) que tamén deben ser cumprimentados.

## PARA ACCEDER AO CUESTIONARIO

- ▶ Acceder á páxina Web do programa SUPRIME O CONTROL: <http://suprimeocontrol.com/>
- ▶ Ir ao apartado “RECURSOS”. Aquí atópase o link que hai que premer para acceder directamente ao cuestionario  
<https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSeqw2ILrLWJ9r5u6SOMAJ79ev-4fZ2Y4twTypwHkFkrbv2w/viewform?c=0&w=1>
- ▶ O tempo aproximado de cumprimentación é de 15-20 min.
- ▶ Non existe a posibilidade de interromper a cumprimentación do cuestionario e continuar noutro momento.
- ▶ O cuestionario ten que cumprimentarse con anterioridade á celebración da primeira sesión do obradoiro, polo que si aínda non confirmou as datas de impartición, non se esqueza de facelo. Pode poñerse en contacto coa empresa DELOGA, coordinadora do programa, chamando ao 981 910 206 ou por e-mail [info@suprimeocontrol.com](mailto:info@suprimeocontrol.com).

**PARA CALQUERA DÚBIDA** pode poñerse en contacto coa empresa DELOGA, coordinadora do programa, chamando ao 981 910 206 ou por e-mail [info@suprimeocontrol.com](mailto:info@suprimeocontrol.com).